



Coñece as empresas de inserción laboral

XUNTA DE GALICIA

Edita: Secretaría Xeral de Emprego  
Consellería de Economía, Emprego e Industria

© Xunta de Galicia  
2018. Coñece as empresas de inserción laboral  
DL: C 431-2018

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:  
<https://libraria.xunta.gal/gl/conece-as-empresas-de-insercion-laboral>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0 España  
de Creative Commons.

Para ver unha copia de licenza, visite:  
[https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/deed.es_ES)

<b>EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL.....</b>	<b>5</b>
QUE SON?.....	5
A TITULARIDADE DA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL.....	5
REGULACIÓN LEGAL.....	6
<b>REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR.....</b>	<b>7</b>
<b>PERSOAS BENEFICIARIAS DA INSERCIÓN SOCIOLABORAL.....</b>	<b>9</b>
<b>CUALIFICACIÓN E REXISTRO.....</b>	<b>10</b>
<b>OBRIGAS DAS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL.....</b>	<b>12</b>
<b>AS MEDIDAS DE APOIO.....</b>	<b>14</b>
DE CARÁCTER XERAL.....	14
DE CARÁCTER ESPECÍFICO.....	14
<b>ENDEREZOS DE UTILIDADE.....</b>	<b>15</b>



---

# EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

## **QUE SON?**

---

Son empresas de inserción laboral as sociedades mercantís ou sociedades cooperativas, legalmente constituídas e debidamente cualificadas polo órgano competente en materia de emprego da Xunta de Galicia, que realicen calquera tipo de actividade económica de produción de bens ou de prestación de servizos e cuxo obxecto social teña como finalidade a integración e a formación sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social, actuando como espazo de tránsito ao emprego ordinario.

A empresa de inserción laboral non ten como finalidade maximizar os beneficios económicos, senón maximizar os beneficios sociais, crear emprego e axudar a aquelas persoas que teñen maiores dificultades para acceder ao traballo.

## **A TITULARIDADE DA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL**

---

Poden ser titulares dunha empresa de inserción laboral as sociedades mercantís, sociedades laborais, sociedades cooperativas ou calquera tipo de organización societaria civil ou mercantil legalmente constituída, sempre que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral, e na Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro.

## REGULACIÓN LEGAL

---

- A normativa básica estatal está constituída pola Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción (BOE núm. 299, do 14 de decembro), modificada pola Lei 27/2009, do 30 de decembro, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección de persoas desempregadas (BOE núm. 315, do 31 de decembro).
- No ámbito da Comunidade Autónoma, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG núm. 249, do 31 de decembro) regula as empresas de inserción no capítulo II do seu título IV.
- O Decreto 156/2007, do 19 de xullo, regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, crea o seu rexistro administrativo e establece as medidas para o fomento da inserción sociolaboral (DOG núm. 153, do 8 de agosto de 2007).
- A Orde do 29 de decembro de 2008, pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro, desenvolve o Decreto 156/2007, do 19 de xullo (DOG núm. 6, do 9 de xaneiro do 2009).

## REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR

Para a súa consideración como empresa de inserción laboral, as empresas deben cumprir os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción Laboral de Galicia.
- Ter como finalidade primordial proporcionarles ás persoas en proceso de inserción medidas de apoio personalizado, tales como formación, pautas de adquisición de hábitos sociais de traballo ou acompañamento social de resolución de problemas persoais e de convivencia que poidan dificultar o normal desenvolvemento do proceso de adaptación social.
- Ser promovidas e participadas por unha ou varias entidades promotoras, polo menos ao 51% do capital social, no caso de sociedades mercantís, ao 49% no caso de sociedades laborais ou a 1/3 no caso de sociedades cooperativas.
- Manter, en cómputo anual, unha porcentaxe mínima do 30% de persoas traballadoras en proceso de inserción con respecto ao total do seu cadro de persoal. En ningún caso o número de persoas en proceso de inserción poderá ser inferior a dúas, agás no caso de empresas de catro ou menos persoas traballadoras, que deberán ter polo menos unha en proceso de inserción (estes mínimos enténdense a tempo completo).
- Non ter vinculados os balances, as contas de resultados e o patrimonio a actividades económicas distintas das do seu obxecto social.
- Aplicar o 100% dos resultados ou os excedentes dispoñibles obtidos en cada exercicio económico á mellora ou ampliación das estruturas produtivas e de inserción, ou a programas de inserción sociolaborais das entidades promotoras.

- Un concepto vinculado a estas empresas que as caracteriza e as identifica dentro da economía social é o itinerario de inserción, entendendo por tal, o conxunto de servizos, prestacións, accións de orientación, tutoría e procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado, formación no posto de traballo ou habituación laboral e social, encamiñados a satisfacer ou resolver problemáticas específicas derivadas da situación de exclusión.



# PERSOAS BENEFICIARIAS DA INSERCIÓN SOCIOLABORAL

As persoas a cuxa integración se dirixen as empresas de inserción laboral son as persoas en situación ou en risco de exclusión social, cualificadas como beneficiarias para a súa incorporación nunha empresa de inserción, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

O procedemento de incorporación da persoa traballadora á empresa de inserción ten os seguintes pasos:

- Tramitación da cualificación como persoa beneficiaria polos servizos sociais comunitarios básicos ou específicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificación como persoa beneficiaria polo servizo competente en materia de inclusión social.
- Sinatura do convenio de inserción por parte dos servizos sociais comunitarios, a empresa de inserción e a propia persoa traballadora en proceso de inserción.
- Contrato de traballo da persoa en proceso de inserción.
- Certificación do servizo público de emprego polo que se ditamina a condición de demandante de emprego e a idoneidade profesional para o posto de traballo da persoa traballadora en proceso de inserción.

## CUALIFICACIÓN E REXISTRO

O procedemento de cualificación dunha entidade como empresa de inserción iníciase a instancia das entidades interesadas mediante solicitude dirixida á Secretaría Xeral de Emprego, á que se deberá xuntar a documentación recollida na Orde do 28 de decembro de 2008, para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos na dita orde así como no Decreto 156/2007, do 19 de xullo:

- Denominación social da entidade solicitante.
- Memoria que acredite a viabilidade económica, técnica e financeira do proxecto empresarial, detallando os aspectos técnicos de produción e comercialización, así como o plan de investimentos e valoración das distintas fontes de financiamento con que conta o proxecto.
- Número de identificación fiscal (NIF), así como escritura de constitución e estatutos ou calquera outra documentación identificativa das entidades promotoras que participen no capital social da empresa obxecto de cualificación.
- NIF, así como escritura de constitución e estatutos da empresa obxecto de cualificación ou calquera outra documentación que a identifique. En todo caso, acompañarase xustificación da porcentaxe de participación no capital social de cada unha das persoas ou entidades participantes.
- DNI da persoa que exerza a representación legal da empresa e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación coa que actúa.
- Relación de persoas traballadoras en situación de alta no cadro de persoal pola que se xustifique o cumprimento do requisito esixido no artigo 4.c) do Decreto 156/2007.

- Calquera outra documentación que sexa requirida para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos na orde e no Decreto 156/2007.

O órgano competente para resolver sobre a cualificación é a Secretaría Xeral de Emprego.

Unha vez cualificada unha entidade como empresa de inserción laboral procédese de oficio á súa inscrición no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción Laboral de Galicia.

Este rexistro, de carácter autonómico, é único, público e gratuíto.

# OBRIGAS DAS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

As empresas de inserción laboral, unha vez inscritas, están obrigadas a presentar no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción Laboral de Galicia:

- a) O plan de actividades e o orzamento anual, con anterioridade ao comezo do exercicio económico correspondente.
- b) As contas anuais e o informe de xestión correspondente ao peche de cada exercicio económico, no prazo de 6 meses contados desde a data do peche do exercicio.
- c) Un balance social anual no que se informe dos resultados obtidos en materia de inserción sociolaboral das persoas traballadoras ocupadas nelas, no prazo de 6 meses contados desde a data do peche do exercicio.
- d) A documentación acreditativa das modificacións estatutarias que afecten a súa cualificación (composición e titularidade do capital social, denominación social, domicilio social ou obxecto social) no prazo de dous meses desde a súa inscrición no rexistro correspondente á súa forma xurídica.
- e) A documentación acreditativa da modificación da estrutura do persoal que afecte a porcentaxe mínima de traballadores/as en inserción. A comunicación deberá realizarse no prazo dun mes desde que a modificación teña lugar.

Desde a súa cualificación deberán manter, en cómputo anual, un mínimo do 30% de persoas traballadoras en proceso de inserción con respecto ao total do persoal, sen prexuízo dos límites establecidos pola normativa específica de sociedades cooperativas e de sociedades laborais en materia de contratación.

En ningún caso o número de persoas en proceso de inserción debe ser inferior a dúas, salvo nas empresas de catro ou menos persoas traballadoras, que polo menos deberán ter unha persoa traballadora en proceso de inserción. Para acreditar a porcentaxe indicada computaranse tanto as persoas traballadoras por conta allea como as persoas socias traballadoras integrantes deste tipo de empresas. Os indicados mínimos deberán entenderse en cómputo horario a tempo completo.

# AS MEDIDAS DE APOIO

## DE CARÁCTER XERAL

---

As empresas de inserción laboral, como calquera outra empresa, teñen acceso ao réxime de subvencións, axudas, bonificacións e calquera outra medida de apoio económico establecida polas administracións públicas.

De xeito orientativo, pódese indicar que en Galicia unha gran parte destas medidas de apoio están canalizadas a través do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica).

## DE CARÁCTER ESPECÍFICO

---

A Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, presta un importante apoio ao labor que desempeñan as empresas de inserción e as súas entidades promotoras mediante as axudas que convoca anualmente para fomentar tanto a creación destas empresas como o seu mantemento. Estas axudas cobren un amplo rango de actividades como por exemplo a propia posta en marcha da actividade, a creación de novos postos de traballo para as persoas en situación de exclusión social ou a contratación de persoal técnico ou de apoio.

# ENDEREZOS DE UTILIDADE

## **Xunta de Galicia**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

#### **SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 544 666  
[emprego.ceei.xunta.gal](http://emprego.ceei.xunta.gal)

#### **REGISTRO ADMINISTRATIVO DE EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 545 687

#### **XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA**

Rúa Vicente Ferrer, 2. 15071 A Coruña  
Teléfono: 981 184 901

#### **XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO**

Rolda da Muralla, 70. 27071 Lugo  
Teléfono: 982 294 650

#### **XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE**

Rúa Curros Enríquez, 1, 4º. 32071 Ourense  
Teléfono: 988 386 710

#### **XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA (SERVIZO VIGO)**

Rúa Concepción Arenal, 8-2º. 36201 Vigo  
Teléfono: 986 805 204

## **REDE EUSUMO**

### **Rede Eusumo**

[info@eusumo.gal](mailto:info@eusumo.gal)  
[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)

## **IGAPE**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono: 900-815151 / 902-300903  
informa@igape.es

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

### **DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL**

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 544 653  
dxinclusion.politicasocial@xunta.gal



## SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar conta con 19 equipos de Inclusión, 18 deles desenvolven o seu labor dende a Rede galega de oficinas de inclusión e un máis no Centro Penitenciario de Teixeira. Estes equipos traballan a prol da inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.

Oficina	Comarca	Enderezo	Teléfono
<b>Ames</b>	A Barcala - O Sar - Santiago	Rúa Viorneira, 6-baixo. Milladoiro. 15895.	981 884 600
<b>Arzúa</b>	Melide - Ordes - Arzúa	Casa "Beatriz". Rúa San Vicente, s/n. 15810.	981 500 846
<b>Carballo</b>	Bergantiños - Soneira - Fisterra	Casa da Xuventude. Rúa Valle Inclán, 24-1º andar. 15100.	981 700 556
<b>Noia</b>	Barbanza - Noia - Muros	Edificio Administrativo. Rúa Espírito Santo, 4-baixo. 15200.	981 822 163
<b>As Pontes</b>	Ferrolterra - Eume - Ortegal	Avenida de Castelao, 36-1º. 15320.	981 450 556
<b>Baralla</b>	A Fonsagrada - Os Ancares - Lugo	R/ Evaristo Correa Calderón, 44. 27680.	982 363 135
<b>Begonte</b>	Terra Cha - A Ulloa	Rúa do Concello, 5. 27373.	982 396 124
<b>Mondoñedo</b>	A Mariña	Rúa dos Remedios, s/n-2º andar. 27400.	982 524 080
<b>Monforte de Lemos</b>	Terra de Lemos - Sarria - Chantada - Quiroga	Rúa Cabe, 22. 27400.	982 418 264
<b>Barbadás</b>	Terras de Celanova - Ourense - Allariz	Centro Empresarial Transfronteirizo. Lugar O Pontón, 25. 32890.	988 553 138
<b>O Carballiño</b>	O Carballiño - O Ribeiro	Avda. do Balneario, 17. baixo. 32500.	988 270 209
<b>A Rúa</b>	Valdeorras - Caldelas - Trives - Viana	Praza José A. Míguez Freire, 1. 32350.	988 310 328
<b>Sarreaus</b>	A Limia - Verín - Maceda	Praza do Toural, s/n. 32631.	988 462 507
<b>Baiona</b>	Val Miñor - Baixo Miño	Centro Sociocomunitario. Rúa Dolores Agrelo, 16-1º. 36300.	986 389 557

<b>Lalín</b>	Deza - Terra de Montes	Centro Sociocomunitario. Praza Joaquín Lóriga, s/n. 36500.	986 784 517
<b>Marín</b>	Área Metropolitana de Pontevedra - O Morrazo	Casa da Cultura de Mogor. Lg. Outeiro, s/n. 36911.	986 890 288
<b>O Porriño</b>	Área Metropolitana de Vigo - Condado -Paradanta	Edificio Multiusos de Torneiros. Rúa Ribeira, s/n. 36410.	986 332 684
<b>Vilagarcía</b>	O Salnés - Caldas	Centro Sociocomunitario. Rúa Rosalía de Castro, 24-1º. 36600.	986 505 358
<b>Centro Penitenciario de Teixeira</b>	Módulo "Nelson Mandela"	Estrada de Paradela, s/n. 15310.	981 779 500 ext. 3544



galicia



**eusumo**  
*Cooperativismo e Economía Social*

info@eusumo.gal  
[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)



**XUNTA  
DE GALICIA**